



PLAN DIXITAL

IES Canido

[Versión 2.0_ outubro 2023]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O IES Canido é un centro público de ESO e Bacharelato situado na rúa Navegantes s/n, no barrio de Canido, un dos barrios históricos da cidade de Ferrol. O seu equipo directivo no curso 2023-2024 está formado por:

- Director: Rodrigo Montes Rodríguez
- Xefa de estudos: María Ángeles Calvo Losada
- Secretario: Maikel Hernández Castellanos
- Vicedirectora: María Cristina Bravo Fernández

Entre os seus datos de interese salientamos:

- Correo electrónico: ies.canido@edu.xunta.gal
- Páxina web: <http://edu.xunta.gal/centros/iescanido>

No curso 2023-2024 hai 243 alumnos matriculados en ESO e 108 en bacharelato, mentres que hai 35 profesores, distribuídos en 17 departamentos didácticos.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O barrio de Canido, segundo datos do centro de recursos informáticos do Concello de Ferrol, é o terceiro barrio de Ferrol en cantidade de poboación. É dos poucos barrios que presenta un crecemento poboacional positivo. Atendendo ao CRI do Concello, a banda de idade da maior parte dos habitantes do barrio sitúase entre 31 e 40 anos, sendo 46,9 anos a idade media, segundo o Instituto Galego de Estatística a 1 de xaneiro de 2016.

Canido é un barrio de clase media-traballadora, cunha situación económica en pleno proceso de recuperación. Como todo Ferrol, durante a crise sufriu un incremento xeneralizado do desemprego.

Este Plan Dixital v2.0 pretende continuar na liña da primeira versión, de xuño de 2022, que daba resposta á dixitalización ordenada desde a administración, e que comezara no contexto do Proxecto Abalar hai 10 anos, descontinuado pola Consellería de Educación, o que provoca que as aulas de 1º e 2º de ESO non estean preparadas para dar resposta ás novas necesidades do proceso de ensino/aprendizaxe. O IES Canido mantén unha traxectoria de participación en programas de formación da Xunta coa dixitalización e a comunicación entre a comunidade educativa como leitmotiv, como F2105367 - PFPP F2131071 Emprego do Moodle 3.9, F1805134 - PFPP F1831063 Comunicación coas familias ou F1805133 - PFPP F1831063 Geogebra nas clases de ciencias, matemáticas e tecnoloxía, F1805135 - PFPP F1831063 Software para o ensino de ciencias. O centro tamén está inmerso nun Proxecto Erasmus K122, [Upcycling Lives](#), coordinado polo CFR de Ferrol.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Este plan atopa a súa xustificación legal na lexislación seguinte:

- [Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación](#)
- [Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022](#)
- [Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022](#)

1.4. Proceso de elaboración

O Equipo de Dinamización do Plan Dixital do IES Canido está composto por:

- Rodrigo Montes Rodríguez, director
- José Jorge Rodríguez Pérez, coordinador do Plan Dixital

Seguindo a guía e instrucións do mentor ADIX do ámbito de Ferrol 1, Jesús María Máiz Sanmartín, e a formación organizada polo equipo ADIX dese ámbito, o equipo foi desenvolvendo as etapas sucesivas na elaboración do Plan Dixital: personalización e cumprimentación do SELFIE da UE, cumprimentación do Test CDD, elaboración da análise DAFO, e finalmente a redacción dos obxectivos do Plan de Acción previo ao Plan Dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

- O IES Canido posúe rede wifi Abalar e edu.xunta.gal en equipos autenticados. Tamén hai equipos conectados con conexión cableada, principalmente nas aulas de informática
- O IES Canido dispón de catro aulas Abalar con portátil para o profesor e EDI, ademais de conexión wifi. Porén, os ultraportátiles para o alumnado levan anos obsoletos e incluso inservibles, consecuencia da súa antigüidade e falta de mantemento.

Este curso, debido a cambios nas aulas, hai heteroxeneidade incluso en aulas do mesmo nivel. Por exemplo, hai un 2º de ESO con encerado tradicional e encerado branco, mentres que hai outro co tradicional e EDI.

O centro dispón de dúas aulas de Informática, orientadas principalmente ao traballo das distintas materias de Tecnoloxía, incluíndo a nova Tecnoloxía e Dixitalización en 1º de ESO, e de xeito secundario para outras materias.

Nos diferentes departamentos didácticos (que van desaparecendo paulatinamente para poder utilizar máis espazos na docencia) hai un portátil ou un equipo de sobremesa con conexión cableada, mentres que na biblioteca, ademais do equipo dirixido á xestión da mesma, hai catro equipos para uso do alumnado. Na oficina do centro hai un ordenador dedicado á administración e xestión, cada membro do equipo directivo dispón tamén dun ordenador, e na conserxería hai un portátil ocupado en tarefas de reprografía.

- O centro posúe e mantén unha páxina web dentro do programa de webs dinámicas, <http://edu.xunta.gal/centros/iescanido>, coa súa correspondente aula virtual en moodle, <https://www.edu.xunta.gal/centros/iescanido/aulavirtual/>, na que se xestionan os diferentes cursos virtuais de apoio das clases ordinarias. A ferramenta esencial de comunicación coas familias é o Abalar, aínda que o centro dispón dun Google Workspace, iescanido.org, que serve de comunicación co alumnado e tamén para que este poida utilizar de xeito acorde á lei certas ferramentas de ensino/aprendizaxe, nas que é necesario un enderezo de correo electrónico.
- A xestión do mantemento do equipamento do centro vén sendo realizada polo coordinador de novas tecnoloxías, Xosé Luís Rivas Fernández, cunha atribución horaria ínfima.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A - Liderado	Equipo Direct.		2,1	2,2		
	Profesorado		3,2	3		
	Alumnado					
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.		2,7	2,6		
	Profesorado		2,5	2,2		
	Alumnado		2,9	2,5		
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.		2,9	3		
	Profesorado		3,3	2,8		
	Alumnado		3,3	3,5		
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.		3,3	3,6		
	Profesorado		3,2	2,5		
	Alumnado					
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.		4	3,9		
	Profesorado		3,9	3,7		
	Alumnado		3,8	3,8		
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.		2,9	3,1		
	Profesorado		3	2,7		
	Alumnado		2,9	2,9		
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.		2,5	2,5		
	Profesorado		2,1	2,1		
	Alumnado		2,6	2,5		
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.		3,1	3,4		
	Profesorado		2,9	2,5		
	Alumnado		3,2	3,4		

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	10	27	37%
PROVISIONAL	1	1	100%
INTERINO	0	4	0%
SUBSTITUTO	2	3	66,7%
DESPRAZADO	0	1	0%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
80,2	Integrador/a(B1)	76,4	Integrador/a(B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	79,7	Integrador/a(B1)	79,2	Integrador/a(B1)
BAC	85,9	Integrador/a(B1)	77,9	Integrador/a(B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	0	0%
A2	3	23,1%
B1	7	53,8%
B2	2	15,4%
C1	1	7,7%
C2	0	0%
TOTAL	13	

Despois da participación do profesorado na autoavaliación SELFIE e no Test de Competencia Dixital Docente, notamos dous factores que influíron de xeito decisivo na análise DAFO posterior:

1. Dado que os devanditos cuestionarios teñen como obectivo a normalización de resultados nunha poboación moi extensa e heteroxénea, observamos que **non acaban de plasmar a realidade do noso centro**.
2. O nesgo implícito na escolla da mostra ao teren carácter voluntario: é inevitable que haxa maior participación entre o profesorado máis predisposto positivamente cara ao traballo dixital.

Estes dous factores provocaron que permanecesen ocultas eivas que poderíamos detectar con análises máis finas, e que utilizásemos coñecementos previos sobre o noso centro, acadados en planos de formación previos e no traballo específico do equipo directivo e dos coordinadores de formación e de novas tecnoloxías.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e as outras fontes comentadas no punto anterior, o equipo de dinamización do Plan Dixital xerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO		
	PERSOAL DOCENTE	D2. Participación no Desenvolvemento Profesional Continuo E1. Recursos educativos en liña E4. Comunicación coa comunidade educativa	Baixas puntuacións do Persoal Docente no TCDD en: Pensamento computacional. Tecnoloxías emerxentes. Uso responsable no desenvolvemento da competencia dixital do alumnado. Autorreflexión sobre a aprendizaxe
	PERSOAL NON DOCENTE		
	ALUMNADO		
	FAMILIAS		
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO		

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA		A administración non proporciona os recursos humanos solicitados polo centro, o que provoca que non pode haber a atención debida á diversidade. O centro non ten as instalacións adecuadas, hai escaseza de aulas
	LEXISLACIÓN		Cambios constantes na lexislación educativa. Falta de comunicación da administración educativa dos cambios lexislativos
	CONTORNA		Diminución crítica e sostida no tempo da poboación escolar en Ferrol
	ANPA	Comunicación fluída coa ANPA. Colaboración da ANPA	
	OUTRAS ENTIDADES		

3. Plan de Acción

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

A partir da análise DAFO, e principalmente dos coñecementos achegados polos membros do equipo de dinamización do Plan Dixital, establecemos unhas áreas prioritarias de mellora, mediante a enumeración de obxectivos, indicadores e accións.

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

Actualmente o IES Canido sofre unha escaseza de recursos tecnolóxicos debida principalmente á falta de mantemento das obsoletas Aulas Abalar, que non vai ser solucionada en absoluto coa incorporación (cremos) das pantallas interactivas que xa chegaron aos CEIP. Pola contra dispón de dúas aulas de Informática. Por isto é perentorio que logremos ter instalacións renovadas nas aulas da ESO para poder dar resposta aos novos retos educativos:

1. Nas materias non puramente tecnolóxicas da ESO o profesorado e o alumnado actualmente non pode facer uso de recursos tecnolóxicos como TAC.
2. A aparición da nova materia Tecnoloxía e Dixitalización coa LOMLOE provoca a saída da aula do alumnado 3 horas semanais para traballar nas aulas de Informática. Solucionar isto requiriría evidentemente unha infraestrutura dixital da que agora mesmo non dispoñemos.

Táboa para cada obxectivo do Plan de Acción

"Área/s de mellora": C: Infraestrutura e equipamento						
OBXECTIVO 1 (1):	Mellorar a infraestrutura dixital do centro (equipos e redes)				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección/Concellería de Educación/AMTEGA				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Número de aulas equipadas dixitalmente					
Valor de partida (3)	2 aulas (2 aulas de Informática)					
Valor previsto e data (4)	7 aulas (5 ordinarias)			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitar equipamento para as aulas de 1º e 2º de ESO	Dirección	1 de outubro	Correo electrónico	Solicitado	Realizada	
				Non solicitado	Aprazada	
				Non solicitado	Pendente	
A01.2: Equipar as devanditas aulas	Concellería/AMTEGA	Xuño de 2023	Equipamento informático	Aulas equipadas	Realizada	
				Aulas non equipadas	Aprazada	
				Aulas non equipadas	Pendente	

"Área/s de mellora": E4: Comunicación coa comunidade educativa						
OBXECTIVO 2 (1):	Promover a utilización de Abalar como ferramenta de comunicación dentro da comunidade educativa				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do claustro que utiliza Abalar como ferramenta de comunicación					
Valor de partida (3)	50%					
Valor previsto e data (4)	80%				Xaneiro de 2024	
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A02.1:Informar ao profesorado sobre a aplicación Abalar	Equipo Directivo/Coordinador Plan Dixital/Coordinador TIC	31 de outubro	Aula de Informática	% de profesorado que recibe a información	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2:Informar aos titores das funcionalidades específicas de Abalar para a acción tutorial	Equipo Directivo/Coordinador Plan Dixital/Coordinador TIC	31 de outubro	Aula de Informática	% de titores que reciben a información	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3:Informar ás familias sobre as capacidades da app Abalar Móbil e da aplicación de escritorio	Equipo Directivo/Titores	30 de novembro	Salón de actos/Móviles	% de familias que reciben a información	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

"Área/s de mellora": E3: Pedagogía: Apoios e recursos						
OBXECTIVO 3 (1):	Dinamizar o uso da aula virtual do centro				Acadado	
RESPONSABLE:	Dirección/Coordinador TIC/Coordinador do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Porcentaxe do profesorado que mantén cursos virtuais na aula virtual					
Valor de partida (3)	80%					
Valor previsto e data (4)	90%			Xuño de 2024		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A03.1: Solicitar formación en moodle se houber profesorado interesado	Equipo Directivo	31 de outubro	Correo electrónico	Solicitada	Realizada	
				Non solicitada	Aprazada	
				Non solicitada	Pendente	
A03.2: Crear cursos virtuais para cada grupo/materia na aula virtual	Coordinador Plan Dixital	31 de outubro	Aula virtual	Nº de cursos creados	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.3: Utilizar de xeito regular os cursos virtuais como apoio no proceso de ensinanza/aprendizaxe	Profesorado	Xuño de 2024	Aula virtual	Mantemento de cursos virtuais	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

Este plan pretende ser un documento dinámico, para o que precisa dunha avaliación periódica. Para tal fin:

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluirán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será como mínimo unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluirán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.

5. Difusión do plan

Para que este plan sexa coñecido e valorado pola comunidade educativa, o coordinador do Plan Dixital dará cumprida publicidade do mesmo ante os distintos órganos colexiados do IES: Consello Escolar, Claustro e CCP. Ademais, o documento do Plan Dixital estará dispoñible para toda a comunidade educativa na páxina web do centro.